

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

SECCIÓN 15

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de medio ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.10, 11, 15 e 30 e 29.4 do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación, en especial na normativa sobre a protección ambiental de Galicia.

Ao abeiro do establecido no artigo 11 do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, no que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a consellería estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Conselleiro.
2. Secretaría Xeral.
3. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
4. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
5. Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.
6. Delegacións provinciais.

Ao abeiro do establecido no artigo 11.b) do devandito Decreto 232/2005, do 11 de agosto, quedan adscritos á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o organismo autónomo Augas de Galicia e o Ente Público Obras e Servizos Hidráulicos.

En virtude do Decreto 111/1992, do 11 de abril, constitúese a Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A., para planificar e xestionar o tratamento e eliminación dos residuos sólidos urbanos e asimilables na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006

2.1 DA CONSELLERÍA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no ano 2006, avanzando na nova orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, na programación e na planificación, mediante a utilización de métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

Por iso, sendo consciente de que o medio ambiente é un pilar básico do desenvolvemento económico e social da nosa Comunidade Autónoma, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dirixirá as súas actuacións á promoción, protección e mellora do ambiente dentro do marco do desenvolvemento sostible.

Neste contexto, a política de actuación da consellería centrarase:

1. Na consolidación dunha auténtica “rede” de espazos naturais protexidos e no fomento do desenvolvemento sostible e do uso público destas áreas.
2. En fomentar e, no seu caso, realizar investimentos en equipamentos e infraestruturas, para unha adecuada xestión dos residuos que permita acadar o vertido cero na nosa Comunidade Autónoma.
3. Na promoción do desenvolvemento tecnolóxico nas industrias, facilitando a integración do respecto ao ambiente nos procesos produtivos.
4. Na realización de actividades de información e formación que fomenten, na sociedade galega, unha concienciación ambiental sobre a necesidade de protexer o entorno como garante do benestar e do progreso dos galegos.

Neste contexto, a actuación da consellería centrarase en desenvolver e xestionar os programas necesarios para acadar os anteditos fins nos seguintes campos:

1. No eido da protección e conservación da natureza, cabe salienta a creación dunha rede de áreas protexidas conformada pola Rede Natura 2000, os humedais de importancia internacional e os espazos naturais protexidos, segundo o disposto na Lei 9/2001 de conservación da natureza de Galicia; a posta en valor de todas estas áreas mediante plans e programas de defensa, a promoción e desenvolvemento sostible e a creación de centros temáticos e de investigación; o fomento da

cooperación internacional con EUROPARC e a rede iberoamericana de biodiversidade e da protección transfronteiriza con Portugal e con outras comunidades autónomas, mediante proxectos e programas de colaboración e a creación de reservas da biosfera auspiciadas pola UNESCO. Así mesmo, promocionarase o uso público mediante a realización de infraestruturas e equipamentos que permitan unha ordenación global máis coherente das actividades de uso e recreo nas áreas protexidas.

2. Respecto dos obxectivos da estratexia galega para a conservación e o uso sostible da biodiversidade, aprobarase o catálogo de especies ameazadas e o de árbores senlleiras de Galicia e poranse en marcha os correspondentes plans de recuperación de especies.
3. Así mesmo, comezaranse a desenvolver as accións previstas no Plan de recuperación dos ecosistemas fluviais de Galicia e potenciarase a xestión e o ordenado aproveitamento das especies cinexéticas. Respecto dos danos ocasionados pola fauna cinexética, contratarase un seguro de responsabilidade civil único que cubra estes riscos para a totalidade do territorio galego e porase en marcha o exame do cazador.
4. No ámbito da calidade ambiental, destaca a aposta clara da consellería para que todos os concellos xestionen adecuadamente os seus residuos urbanos, o que permitirá conseguir o vertido cero na nosa Comunidade. Para iso, realizarase unha forte inversión na adecuada contenerización dos concellos, continuarase subvencionando ás entidades locais para o transporte de residuos sólidos urbanos, e impulsando a construción de puntos limpos. En definitiva, o que se pretende é que nos vindeiros anos, se potencie a recuperación de ditos espazos para fins lúdicos e de esparcemento.
5. Co obxecto de seguir avanzando na incorporación efectiva do concepto de desenvolvemento sostible na sociedade galega, preténdese ultimar a segunda fase da Estratexia galega de desenvolvemento sostible, así como elaborar, cunha ampla participación social, unha estratexia galega fronte ao cambio climático. Con esta mesma fin, no ámbito da promoción continuarase reforzando o apoio á implantación da Axenda 21 local, prevíndose o establecemento de axudas públicas para o seu financiamento parcial, así como o apoio ás Pemes para a elaboración de memorias de sostibilidade.
6. Por outra banda, potenciarase a educación ambiental como ferramenta central para inculcar na cidadanía a necesidade de protexer e utilizar racionalmente o entorno e para integrar o concepto de sostibilidade na sociedade. As actuacións no eido da

información ambiental veñen marcadas pola crecente necesidade de proporcionar unha mellor e máis completa información á sociedade sobre o estado do medio ambiente e sobre as variables relacionadas co desenvolvemento sostible. Fomentaranse os programas de observación e investigación ambiental, dos que emerxerá o coñecemento necesario para a adecuada planificación estratéxica do desenvolvemento sostible.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

AUGAS DE GALICIA

En política hidráulica, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, centrará a súa actividade na planificación hidrolóxica, na xestión do dominio público hidráulico, e nos plans de abastecemento e saneamento, no contexto da Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva marco da auga) e da Directiva 91/271/CEE, de tratamento de augas residuais. Así mesmo, actuará sobre a protección das augas das rías de Galicia, que implica á administración no mantemento das estacións depuradoras de augas residuais.

Durante o ano 2006 Augas de Galicia centrará a súa actividade nas seguintes liñas de actuación:

1. Desenvolvemento do Plan hidrolóxico.

- A) Avaliación dos recursos hídricos existentes, así como afondar no grao de coñecemento da súa calidade, co fin de optimizar a súa xestión e a priorización dos usos da auga.
- B) Ordenación e recuperación de marxes e ribeiras, coa fin de evitar impactos ambientais negativos.
- C) Conservación e recuperación do medio hídrico.

- D) Deslindes de dominio público baixo un punto de vista técnico coordinadamente coa ordenación dos espazos naturais.
- E) Estudar e desenvolver solucións globais que permitan garantir o subministro de auga potable en épocas de precipitacións baixas.

2. Plan de saneamento.

Pretende evitar os efectos ambientais negativos derivados do verquido de augas residuais, cumprindo cos requirimentos da Directiva 91/271/CEE, relativa ao tratamento de augas residuais urbanas.

En 2006 continuarase coa realización das obras hidráulicas previstas no plan, consistentes, principalmente, na construción de estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e emisarios submarinos.

3. Colaboración cos concellos en materia de abastecemento e saneamento.

Esta colaboración abrangue o ámbito territorial de toda a Comunidade Autónoma no servizo de abastecemento e saneamento de competencia municipal, ao abeiro do establecido no Decreto 84/1997, do 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

O Plan de abastecemento de Galicia servirá de base á programación das anteditas actuacións.

4. Obras de interese xeral do Estado.

Augas de Galicia continuará colaborando coa Confederación Hidrográfica do Norte, co obxecto de axilizar a realización das obras declaradas de interese xeral na Lei do Plan hidrolóxico nacional, fundamentais para o saneamento das grandes cidades de Galicia e, en consecuencia, para a realización do plan de saneamento.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Entes de dereito público

EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS (EPOSH)

Creada pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, de Administración hidráulica de Galicia, constitúe un ente instrumental para o desenvolvemento da política hidráulica, mediante a xestión das obras e a prestación dos servizos que lle sexan encomendados dentro do programa de actuacións do organismo autónomo Augas de Galicia.

A actuación da empresa pública coordínase totalmente coa de Augas de Galicia, ao estaren ambas as dúas integradas na organización da mesma consellería, en virtude do artigo 11 do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

2.3.2 Sociedades mercantís

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. (SOGAMA)

Sociedade constituída, polo Decreto 111/1992, do 11 de abril, para planificar e xestionar o tratamento e eliminación dos residuos sólidos urbanos e asimilables na Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto dos orzamentos para 2006, cabe salientar que o de explotación cumpre o plan de viabilidade da sociedade, no que a resultados se refire. Se ben os capítulos de tratamento de residuos animais e de residuos de envases presentan unhas estimacións de ingresos inferiores ás recollidas no devandito plan, este efecto compénsase por un maior volume de residuos urbanos, e un maior prezo de venda de enerxía que se espera obter no vindeiro exercicio.

En canto aos investimentos, orzaméntase a instalación dun conxunto caldeira-turbina para o aproveitamento eléctrico de biomasa, abrindo así unha vía de actuación que suporá un notable avance no eido medioambiental en Galicia, dada a súa contribución a:

1. Implantar estratexias de redución do cambio climático en liña cos obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto.
2. Posta en marcha da estratexia europea de desenvolvemento sostible.
3. Desenvolver o proxecto sobre as bases do VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente.
4. Cumprimento dos obxectivos recollidos no Plan de enerxías renovables en España para o período 2005-2010, aprobado o pasado agosto de 2005.
5. Esta nova liña de actuación na traxectoria tecnolóxica de Sogama permitirá, tamén, consolidar os resultados do Plan de viabilidade deseñado en 2003, permitindo manter o canon para o tratamento de residuos estabilizado trala aplicación do incremento anual previsto do IPC en tanto se manteñan os prezos das enerxías especiais nos seus valores actuais.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 342A. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE

DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

1. Descrición.

O obxectivo deste programa é a conservación dos hábitats naturais, das paisaxes e dos ecosistemas de maior valor ambiental de Galicia, especialmente en canto á defensa, conservación e fomento dos espazos naturais protexidos; así como a protección

e recuperación das especies de fauna e flora silvestres e a aplicación da normativa vixente en materia de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade.

Ademais, é tamén obxectivo deste programa promover o ordeado aproveitamento das especies de fauna cinexética, e da piscícola das nosas augas continentais, asegurando unha xestión sostible dos recursos e a conservación e fomento das súas poboacións.

Esta dirección xeral tamén exerce as funcións de vixilancia, control e prevención de impactos no medio natural, para o que precisa da necesaria dotación de medios humanos e materiais.

Todas as actuacións previstas acomópanse aos principios do VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente, programa que resulta de especial interese como ferramenta de primeira importancia para acometer iniciativas de desenvolvemento sostible, especialmente naquelas áreas máis desfavorecidas do país. En efecto, múltiples e variadas accións previstas neste programa para o vindeiro exercicio teñen como eixo prioritario a conservación e posta en valor destes territorios, con medidas que favorezan, coa implicación e participación da cidadanía en xeral e dos moradores deses espazos en particular, a creación dun novo escenario onde pór en práctica modelos de desenvolvemento territorial respectuosos co medio natural e cos seus compoñentes.

2. Actividades.

1. Conservación da biodiversidade.

As accións para a conservación da biodiversidade encádranse na Lei 9/2001, de conservación da natureza de Galicia, que ten por obxecto “a conservación do medio natural e os seus recursos, así como a xestión sostible dos espazos naturais e a flora e fauna silvestres, ademais da xea da Comunidade Autónoma de Galicia”, que se inspira nos principios da estratexia galega para a conservación e o uso sostible da biodiversidade: información, formación, participación e coordinación.

En 2006 impulsárase a conservación de novas áreas, segundo as figuras da devandita Lei 9/2001, coa creación doutros parques naturais, monumentos naturais, zonas de

especial protección para as aves, paisaxes protexidas ou humidais protexidos pertencentes ao inventario galego de zonas húmidas, coa fin de crear o que no futuro debe ser unha auténtica rede galega de espazos protexidos.

Preténdese, en particular, a ampliación do Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e avanzar nos proxectos de declaración dos parques naturais de Ancares e do Caurel. Ademais, cómpre salientar o programa de axudas para implementar medidas contractuais e compensatorias para os habitantes dos contornos dos espazos protexidos galegos. Por outra parte, fomentárase a adquisición de propiedades particulares enclavadas nas áreas protexidas do país.

Ademais, de acordo co establecido no programa do Comité MaB da UNESCO “O home e a biosfera”, preténdese impulsar a creación de reservas da biosfera, especialmente na área transfronteiriza conformada polo parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e o Parque Nacional portugués da Peneda-Gérês, así como na zona dos Ancares e Caurel coas montañas de León, e tamén nas Rías Baixas e área de influencia socioeconómica do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Para o anterior, fomentárase a cooperación nacional e internacional, tanto coas comunidades autónomas veciñas, como con Portugal e, incluso, con outras institucións de ámbito internacional, caso da Federación de parques nacionais e naturais de Europa (EUROPARC) e co Instituto galego de cooperación iberoamericana (IGACI)

Entendendo da enorme importancia que, en materia de conservación da natureza, ten a rede europea Natura 2000 e o descoñecemento que dela ten a poboación residente nas 388.000 hectáreas que esta ocupa en Galicia, é intención da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, realizar unha serie de accións e proxectos que poñan en valor estes territorios e axuden ao seu desenvolvemento socioeconómico e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Así, potenciarase, a través de comisións ou organismos de integración e coordinación, a implicación desta consellería, así como doutras administracións e

organismos autónomos, dos sindicatos agrarios, dos concellos e dos axentes socioeconómicos locais, para impulsar programas e proxectos de desenvolvemento sostible nestes territorios protexidos.

Nos eidos da información e da formación, elaborárase un programa informativo e divulgativo con seminarios, exposicións itinerantes, edición de material impreso, actividades de educación ambiental, sinalización e interpretación ambiental, relacionado coa Rede Natura 2000 en xeral e o lugar de interese comunitario en particular.

Considerando que a planificación é un instrumento básico tanto para a definición de liñas estratéxicas como para a xestión de todos estes espazos e a definición das accións particulares a desenvolver en cada un deles, procederáase a revisar ou a elaborar, segundo os casos, os plans de ordenación dos recursos naturais, os plans reitores de uso e xestión, e os plans de xestión e conservación dos espazos incluídos na Rede Natura 2000, atendendo, preferentemente, ben a aqueles con valores naturais máis sobresaíntes, ben aos máis ameazados, ou ben aos de maior superficie e que contan con núcleos de poboación residente.

A percepción pola cidadanía de como funcionan os sistemas naturais, da razón de seren así as paisaxes e os ecosistemas dese lugar e non doutra maneira, é fundamental para que a sociedade galega sexa consciente da necesidade de protexer o territorio e conservar os nosos valores naturais máis sobranceiros. Por iso, preténdense crear, nos parques naturais galegos, varios centros temáticos e de investigación, distribuídos do seguinte xeito e segundo as materias a tratar: clima (Serra da Enciña da Lastra); xeomorfoloxía (Baixa Limia-Serra do Xurés); flora (Fragas do Eume); fauna (Invernadoiro); litoral (Corrubedo) e uso público (Monte Aloia). Comezando en 2006 polo centro temático do clima e a xea para ir avanzando en exercicios posteriores.

Considerando a importancia da paisaxe galega como un elemento intimamente xunguido á nosa cultura e á memoria colectiva do noso pobo, onde se conxugan nun

todo común os sistemas naturais e as actividades do home no que se dá en chamar “xeosistema” ou “ecoandrosistema”, é intención desta consellería poñer en valor as paisaxes tradicionais galegas especialmente aquelas pertencentes ás áreas protexidas do país. Preténdense comezar a estudar estas paisaxes dende o punto de vista da planificación do medio físico e da ecoloxía da paisaxe, a fin de abordar, dun xeito multidisciplinar, todos os elementos que a conforman, para asegurar a súa preservación, así como para definir estratexias e liñas directrices, e para o desenvolvemento dunha normativa particular sobre a paisaxe. Para estes efectos, realizaranse os convenios precisos coas entidades competentes.

En canto á protección e preservación das poboacións de fauna e flora, no 2006 aprobarase o Catálogo de especies ameazadas de Galicia, así como o Catálogo de árbores senlleiras, e iniciaranse os correspondentes plans de recuperación para aquelas especies máis ameazadas ou en risco de desaparición. Neste eido, ao longo do próximo exercicio construírse o Centro de recuperación de mamíferos mariños, en colaboración co CEMMA e melloraránse sensiblemente os Centros de recuperación de fauna dependentes desta consellería.

Estes orzamentos atenderán, dunha maneira específica, á necesidade cada vez máis crecente do uso público no medio natural, que mediante as infraestruturas e os equipamentos que se creen permitirán unha ordenación global máis racional e coherente das actividades no medio, ao tempo que propicie a diminución da presión dos usuarios sobre os espazos naturais protexidos.

Preténdese, tamén, a promoción e extensión do compromiso ambiental a prol de valores que teñan como denominador común a defensa da identidade galega, conxugando a protección do noso patrimonio natural coa conservación doutros inestimables patrimonios, como o etnográfico, cultural, arquitectónico ou lingüístico, na procura dunha maior concienciación e autoestima da nosa sociedade polo medio ambiente. Sobre estes temas realizaranse convenios de colaboración con distintos organismos e institucións para a elaboración dun dicionario de termos sobre a paisaxe.

O establecemento de políticas dirixidas á regularización das cuestións relacionadas coa protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, reflíctese nos orzamentos tanto no apoio á dinamización dos centros existentes como na axuda ao funcionamento dos mesmos.

2. Xestión sostible da riqueza cinxética e piscícola.

As accións relacionadas coa xestión da riqueza cinxética e piscícola desenvólvense en dous plans, orientados fundamentalmente ás especies obxecto de aproveitamento e contemplando, ademais, accións para a conservación da biodiversidade:

A) Xestión dos ecosistemas acuáticos continentais e da pesca fluvial.

As grandes áreas de actuación determinan as tres principais liñas de gasto nesta materia: conservación e recuperación do ecosistema fluvial, conservación e recuperación das poboacións piscícolas e administración da actividade da pesca.

Unha das principais actuacións contempladas no Plan de recuperación dos ecosistemas fluviaes é o programa de accesibilidade ás especies piscícolas a través da execución de proxectos de dispositivos de franqueo de peixes. Outras actuacións son as relacionadas coa restauración de ecosistemas fluviaes alterados e, en particular, a limpeza e recuperación de áreas de desova para salmónidos.

A importancia que o coñecemento do estado das poboacións ten nesta tarefa de conservación e recuperación das poboacións piscícolas implica a obtención de información mediante inventariación directa e a instalación de contadores de migradores, polo que se ampliará a rede existente a todos os ríos salmoneiros. Tamén, neste eido do coñecemento do estado das poboacións, continuarase coa colaboración coas universidades en materia de sanidade dos peixes e xenética da troita, para o que se subscribirán convenios de colaboración en distintos campos.

Para o cumprimento do programa de reforzo das poboacións naturais é preciso abordar as actuacións necesarias para a obtención de reprodutores salvaxes e, no marco da planificación, desenvolver os instrumentos de planificación técnica dos recursos piscícolas e do seu aproveitamento

Por último, os gastos que ocasiona a administración da actividade da pesca están asociados aos coutos de pesca, tales como a construción, conservación e mellora de infraestruturas (refuxios, centros de precintaxe e pasarelas) ou as sendas e postos de pesca, así como aquelas relacionadas coa información e a difusión de boas prácticas. Completarase a actuación coa sinalización de tramos fluviais nos que se precisa unha correcta información respecto da normativa de pesca.

B) Xestión da riqueza cinexética.

A actividade cinexética nesta comunidade autónoma desenvólvese, fundamentalmente, a través da figura denominada “terreo cinexéticamente ordenado” (Tecor), que actualmente ocupa o 88% do territorio desta comunidade. Estes terreos de aproveitamento cinexético especial xestionanse por sociedades de cazadores sen ánimo de lucro, no marco dos seus correspondentes instrumentos de planificación.

A evolución do medio natural nos últimos anos propiciou, por distintos motivos, o favorecemento das especies cinexéticas de caza maior, en detrimento das de caza menor. Esta circunstancia está a motivar un incremento nos danos causados por estas especies, que se concretan, principalmente, na circulación viaria, nos danos aos cultivos agrarios e á gandaría. O réxime fundamentalmente societario da caza en Galicia non favorece o financiamento das garantías que cubran estas continxencias; por este motivo e con obxecto de poñer solución urxente a este problema, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible propón, como principal novidade neste terreo, a contratación dun seguro de responsabilidade civil que cubra estes riscos, que se financiará, na súa meirande parte, por ela, promovendo, así mesmo, a prevención dos danos a través dunha axeitada planificación. Por outra banda continuarase coa liña de axudas para os danos producidos polo lobo nas cabanas gandeiras e actualizaranse os baremos que se viñan aplicando ata agora.

Por outra banda, estase a establecer o exame do cazador para todos aqueles que se incorporan a esta actividade. Asemade, neste mesmo marco formativo, preténdense realizar as actuacións necesarias da gardería de campo e demais persoal necesario para as tarefas cinexéticas.

O interese na recuperación da riqueza cinexética centrarase, fundamentalmente, nas especies de caza menor, de grande tradición cinexética na nosa comunidade e, como base da cadea trófica, moi necesarias para a conservación ou, incluso, recuperación, doutras especies silvestres de grande interese. Así, fomentarase a produción do coello de monte en semiliberdade e iniciarase unha nova liña de axudas para mellora de hábitats de cara á recuperación da perdiz, unha das especies cinexéticas máis senlleiras da caza menor en Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

1. Descrición.

Ao abeiro das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, as súas actuacións diríxense a controlar e avaliar a incidencia da actividade humana sobre o ambiente, a fomentar sistemas e estratexias de corrección desa incidencia e ao desenvolvemento tecnolóxico e á súa aplicación para o logro dunha adecuada protección ambiental.

2. Actividades.

Entre as funcións que lle corresponden á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental cabe distinguir as relativas os labores de prevención e coordinación, e outros tendentes á mellora das actividades que poidan incidir na calidade do ambiente na nosa Comunidade Autónoma, especialmente no eido da xestión de residuos.

No marco das primeiras, polo que atinxe á avaliación ambiental, garantirase de xeito decidido que se resolvan as declaracións de impacto e efectos ambientais, así como as autorizacións ambientais integradas no menor tempo posible, dentro do rigor absoluto no respecto ao disposto na normativa ambiental, o que permitirá pór en marcha

nun curto período de tempo, as actuacións que se consideren viables, cos correspondentes investimentos xeradores de emprego e riqueza.

En canto ás actuacións de mellora ambiental da Comunidade Autónoma, seguirá a ser un dos obxectivos fixados garantir a adecuada xestión de todos os residuos.

Isto implica a necesidade de actuar en varios eidos:

1. Proseguir co establecemento dun marco normativo axeitado, a partir da normativa comunitaria e da lexislación básica estatal, adaptado á realidade da nosa Comunidade.
2. Fomentar e, se é o caso, realizar os investimentos necesarios en equipamento e infraestruturas para garantir o adecuado funcionamento do ciclo completo de tratamento dos residuos, sen esquecer que a mellor opción é a de non ter residuos que tratar.
3. Promocionar o desenvolvemento tecnolóxico en materia de ambiente industrial, facilitando a integración do respecto ao ambiente nos procesos produtivos das industrias.
4. Facer un seguimento e control de todo o proceso.
5. Fomentarse a construción de novas infraestruturas, tanto pola iniciativa privada como pública, para a reciclaxe, valorización e eliminación, por esta orde, dos distintos tipos de residuos; pero previamente promoverase a diminución dos residuos xerados.
6. Con esta finalidade seguirán levándose a cabo accións de tipo formativo-informativo dirixidas aos consumidores e aos produtores, protagonistas principais no eido medioambiental. Trátase, nun primeiro lugar, de que ambos colectivos coñezan os problemas causados pola produción de residuos, para que asuman o problema coma propio e, finalmente, propiciar un cambio progresivo nos hábitos de consumo e nos procesos produtivos.
7. Por outra banda, nesta liña actuarase sobre a prevención a través das subvencións para o fomento da introdución nas empresas de novas tecnoloxías dirixidas á

prevención e redacción da contaminación ambiental, así como á implantación de sistemas de xestión ambiental

8. En materia de infraestruturas ambientais, executaranse investimentos en novos sistemas de xestión de residuos así como na reparación dos danos que no pasado se causaron no entorno. A persistencia de vertedoiros que non cumpren cos mínimos requirimentos ambientais constitúe un grave risco, non só para o medio ambiente, senón tamén para o desenvolvemento doutras actividades potencialmente xeradoras de riqueza, como pode ser a turística. Neste exercicio orzamentario incidirase de xeito decidido para que todos os concellos de Galicia xestionen adecuadamente os seus residuos urbanos.
9. Concederanse subvencións ás entidades locais para o transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencias de residuos ou plantas de selección máis próximas, o que permitirá que todos os concellos de Galicia conten coas mesmas posibilidades de unha adecuada xestión dos seus residuos. Dado que esta liña de subvencións non é unha solución definitiva ao problema da xestión dos residuos, para todos aqueles concellos que non teñen unha estación de transferencia ou planta de selección cercana, prevese no presente exercicio a realización das actuacións precisas que permitan iniciar o proceso de construción das plantas de transferencia necesarias, en colaboración con Sogama, para garantir a xestión dos residuos sólidos urbanos en condicións de igualdade na Comunidade Autónoma con independencia da situación xeográfica na que se encontre o concello.
10. Esta actuación acompañarase do impulso da construción de puntos limpos para garantir os mellores índices de recollida e o óptimo aproveitamento dos materiais presentes nos RSU. Deste xeito farase efectivo o principio de proximidade na xestión xeral dos residuos.
11. As actuacións anteriormente descritas permitirán incidir de xeito significativo na recuperación dos vertedoiros de RSU e a limpeza de puntos de vertido incontrolado.
12. Outro ámbito de actuación da dirección xeral segue a ser o adecuado seguimento da execución da normativa ambiental na nosa Comunidade Autónoma. Esta é unha

función esencial da consellería, que ven referendada pola política ambiental da Unión Europea, orientada, fundamentalmente, a concienciar aos empresarios de Galicia da necesaria redacción na produción de residuos industriais e na minoración da contaminación causada polas súas actividades industriais.

13. Finalmente, para o cumprimento das esixencias derivadas da normativa comunitaria máis recente, é imprescindible o recurso da tecnoloxía ambiental, pilar esencial de toda estratexia de actuación no eido do medio ambiente. Efectivamente, o deseño e a adopción de medidas tecnolóxicas innovadoras permítelle á administración, ás empresas e á sociedade civil asumir máis fácil e eficazmente as súas responsabilidades respecto do medio ambiente.
14. Neste senso, proporcionarase todo un conxunto de medidas en relación coa produción limpa, afondando no coñecemento da tecnoloxía que se está a empregar nos diferentes ámbitos e a que se podería aplicar como mellora ambiental, para proceder posteriormente a promover e incentivar a súa incorporación nos diferentes sectores industriais de Galicia.
15. Intimamente ligadas a estas actividades están as actuacións desenvolvidas polo Laboratorio de medio ambiente de Galicia, a través do cal se potenciarán no vindeiro ano as derivadas da Lei 8/2002, de atmosfera, mellorando a Rede galega de calidade do aire.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

1. Descrición.

As actuacións previstas neste marco competencial para o ano 2006 axústanse aos principios recollidos no VI programa de acción comunitaria en materia medioambiental, desenvolvéndose no ámbito da planificación, fomento e promoción en todos os ámbitos aos que poida chegar a actuación administrativa, no concepto de desenvolvemento sostible.

2. Actividades.

Para a promoción e incorporación efectiva do concepto de desenvolvemento sostible na sociedade galega traballarase nos dous seguintes eixes:

1. Planificación do desenvolvemento sostible.

A) Estratexia galega de desenvolvemento sostible.

As actuacións deste proxecto estanse a desenvolver en dúas fases:

- a) Unha primeira fase, a aprobación do documento “Cara a unha estratexia galega de desenvolvemento sostible: integración do medio ambiente”, que trata de incardinar as consideracións ambientais nas políticas sectoriais que executa o goberno galego. Actualizarase esta estratexia ás novas prioridades, ao tempo que se corríxen erros detectados e se deseñan actuacións acordes cos novos plantexamentos.
- b) A segunda fase consistirá na actualización do documento “Estratexia galega de desenvolvemento sostible” na que se definirá o camiño a seguir pola nosa sociedade cara ao crecemento económico compatible coa mellora da súa cohesión social e ao respecto dos seus recursos naturais, non estragando a herdanza recibida e mellorándoa no posible para as vindeiras xeracións. Primeiramente, revisarase o borrador elaborado por todas as consellerías, para pasar, posteriormente, á fase de participación social. Esta fase realizarase procurando acadar o maior consenso posible cos diversos axentes económicos e sociais galegos. O documento final estará rematado antes de finalizar o ano 2006.

B) Cambio climático.

Respecto a este fenómeno global, as actuacións encamiñaranse á execución do documento “unha estratexia galega fronte o cambio climático”, estratexia que será actualizada.

Igualmente realizaranse as accións necesarias para a aplicación en Galicia da directiva europea de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Ademais, realizarase unha campaña de divulgación sobre os efectos deste fenómeno global entre a sociedade galega, mediante conferencias e xornadas informativas.

C) Avaliación ambiental de plans e programas.

A Directiva europea 2001/42/CE, relativa á avaliación dos efectos ambientais de determinados plans e programas, suporá un novo enfoque para a elaboración de plans e programas dado que no vindeiro ano entrará en vigor a transposición da antedita Directiva ao dereito interno do Estado.

Preténdese que, ao remate de 2006, os plans e programas elaborados polas diferentes administracións públicas se sometan a esta nova regulamentación. Para acadar este obxectivo, a dirección xeral dotarase dos recursos técnicos e humanos necesarios e procederase ao establecemento dos procedementos administrativos requiridos.

2. Promoción do desenvolvemento sostible.

A) Desenvolvemento sostible no ámbito local

Levaranse a cabo accións para promover que o concepto de desenvolvemento sostible se asuma polas administracións locais, pois son o primeiro chanzo onde comezan as actividades máis cercanas ao cidadán seguindo a máxima “ Pensa globalmente e actúa localmente”.

Para o anterior, considerase que a Axenda 21 é o instrumento axeitado, aínda que a experiencia de implantación nos últimos anos demostrou as dificultades prácticas deste proxecto. En consecuencia, reformularase a estratexia para a súa implantación nas entidades locais galegas.

A visualización por parte da sociedade é unha das maiores limitacións do concepto de desenvolvemento sostible. Por isto, porase en práctica unha

experiencia piloto centrada no eido local, mediante a constitución de catro núcleos integrais de sostibilidade. Estas experiencias consistirán na aplicación nos concellos seleccionados da totalidade das ferramentas de planificación da sostibilidade dispoñibles (Axenda 21 local, memorias de sostibilidade nas empresas, Axenda 21 escolar, avaliación estratéxica de sostibilidade do seu plan de xeral de ordenación urbana e un programa integral de formación). Posteriormente executaranse os investimentos necesarios descritos nas devanditas figuras planificadoras.

B) Sostibilidade nas Pemes galegas.

Fomentarase que as pequenas e medianas empresas (Pemes) galegas apliquen os conceptos de desenvolvemento sostible na súa actuación diaria, para o que se realizarán publicacións, seminarios e campañas de información sobre a elaboración de memorias de sostibilidade. Así mesmo, deseñarase unha liña de axudas para fomentar a realización destas memorias por parte das Pemes galegas.

C) Cooperación exterior do ámbito do desenvolvemento sostible.

Unha das actividades reafirmada no cumio de Johannesburgo, en setembro de 2002, foi a de proporcionar axuda aos países en vías de desenvolvemento como unha das formas de frear o deterioro do planeta.

Despois de realizar un proxecto para a implantación dunha estratexia de desenvolvemento sostible para a provincia de Imbabura (Ecuador) continuarase coa fase de seguimento e consolidación. Trátase de establecer un modelo de xestión que poida replicarse noutros países en vías de desenvolvemento.

3. Educación ambiental.

O obxectivo principal neste eido é a potenciación da educación ambiental como ferramenta central da integración do concepto de sostibilidade na sociedade. En particular, fomentarase a promoción dunha cultura ambiental en Galicia e a súa

inmersión na mesma, así como inculcar na cidadanía a necesidade efectiva de protexer e utilizar racionalmente o entorno, como garante do noso benestar e progreso.

En primeiro lugar, emprenderanse accións encamiñadas á avaliación da vixente estratexia de educación ambiental, así como á elaboración dunha nova estratexia que entrará en vigor ao longo do ano 2006. Efectuaranse as modificacións oportunas encamiñadas a un mellor funcionamento do Observatorio galego de educación ambiental (reestruturación na súa composición e no seu regulamento) e á organización e realización de actividades diversas dirixidas principalmente ao profesorado, aos adultos e á infancia e adolescencia, enmarcadas dentro do Programa anual de educación ambiental.

Para o primeiro sector, o profesorado, ofertaranse cursos en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro do seu Programa anual de formación do profesorado. No que se refire aos adultos, realizaranse actividades de sensibilización e divulgación, preferentemente agrupadas por asociacións e colectivos (asociacións profesionais, asociacións veciñais, asociacións de nais e pais, confrarías de pescadores, colectivos de mariscadores, colectivos de mulleres, centros da terceira idade, etc.). Así mesmo, levaranse a cabo cursos formativos orientados aos distintos sectores de produción (agropecuario, pesqueiro, construción, vitivinícola, etc.), nos que se inserirán módulos de sensibilización ambiental.

Por último, e dedicado fundamentalmente á infancia e adolescencia, ademais das múltiples actividades realizadas nas Aulas da natureza e aquelas desenvolvidas tamén nos propios centros, ampliarase o número de centros docentes participantes nos “ecocircuitos”, que ofrecen a posibilidade de que grupos de alumnos e alumnas coñezan distintos aspectos do medio ambiente mediante o establecemento dun circuito de visitas e actividades en diversos equipamentos educativos con contidos de carácter ambiental complementarios.

Así mesmo, relanzarase a implantación da Axenda 21 escolar nos centros de ensino para traballar pola calidade e sostibilidade do seu entorno.

Para acadar os obxectivos de promoción e fomento da cultura ambiental como peche do sistema, realizarase unha completa programación, centrada na divulgación de coñecementos, novidades ou políticas ambientais.

4. Información e investigación ambiental.

A) Sistema de información ambiental (SIAM).

As actuacións no eido da información ambiental veñen marcadas pola crecente necesidade de proporcionar unha mellor e máis completa información á sociedade sobre o estado do medio ambiente e as variables relacionadas co desenvolvemento sostible. Esta necesidade ven determinada non soamente por unha cada vez máis rigorosa normativa de ámbito comunitario (en particular a derivada da convención de Aarhus), senón pola imprescindible participación e plena implicación dos cidadáns nas cuestións de índole medioambiental. A estes efectos, empréganse, fundamentalmente, dous instrumentos: a páxina web e o Sistema de información ambiental (SIAM), que incorporará información actualizada de calidade.

Neste senso, acometerase en 2006 o cambio na estrutura e presentación dos datos ao público, tanto na web como, sobre todo, no Sistema de información ambiental (SIAM), de modo que se facilite a busca de información. Ademais, ampliaranse os contidos do SIAM, entre os que destaca a elaboración dunha relación de fontes de datos de información ambiental da consellería, ampliable a outros entes da Comunidade Autónoma.

Como punto focal autonómico, esta información continuará en proceso de integración na rede Eionet (Rede de información da axencia europea de medio ambiente), mediante a elaboración de fichas metodolóxicas e cálculo de indicadores ambientais, que se converterán na base para a toma de decisións e a difusión de información ao público.

B) Observación e Predición Ambiental (Meteogalicia)

A posta en marcha e desenvolvemento do sistema meteorolóxico de Galicia levouse a cabo mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de

Medio Ambiente e a Universidade de Santiago de Compostela no ano 2000, creándose o que hoxe se coñece como Meteogalicia. O alcance que este servizo público acadou ao longo destes anos aconsella a incorporación do mesmo á estrutura orgánica da consellería mediante a creación do Servizo de observación e predición ambiental.

A situación xeográfica de Galicia fai que sexa receptora de importantes perturbacións meteorolóxicas, polo que necesita dispor dunha predición específica e local, co fin de apoiar o exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de medio ambiente, pesca, agricultura, protección civil, turismo, sanidade, obras públicas, etc. A elaboración dunha predición meteorolóxica de calidade permitirá facilitar a adopción de medidas preventivas para protexer á poboación e os diferentes sectores fronte ás situacións meteorolóxicas potencialmente adversas.

O traballo a realizar nesta área será o seguinte:

- a) Elaboración de predicións meteorolóxicas cunha frecuencia de dúas veces ao día, durante todos os días do ano, e predicións meteorolóxicas por localidades; así como a iniciación do servizo de prognóstico meteorolóxico a medio prazo.
- b) Planificación e desenvolvemento das tarefas necesarias para realizar o mantemento da rede de observación meteorolóxica, co obxectivo de garantir o correcto funcionamento das estacións meteorolóxicas, previndo e reparando as avarías, co obxecto de manter a continuidade no rexistro dos parámetros meteorolóxicos.
- c) Determinación de localizacións para instalar novas estacións meteorolóxicas automáticas en diferentes lugares da xeografía galega.
- d) Elaboración da predición marítima costeira e da predición e seguimento de fenómenos meteorolóxicos adversos. Neste senso, seguirase colaborando coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- e) Elaboración de predicións meteorolóxicas específicas para os diferentes Camiños de Santiago.
- f) Estudarase a necesidade de realizar melloras nas infraestruturas da Unidade, levándoas a cabo onde sexa necesario.
- g) Rexistraranse variables meteorolóxicas en altura mediante o lanzamento de radiosondas, cunha frecuencia de dous lanzamentos diarios, un pola mañá e outro pola tarde.
- h) Co sistema de recepción de imaxes do satélite Meteosat 2G, recíbese información para empregala no diagnóstico ao comezo da predición meteorolóxica, así como para o seguimento en superficie e altura.
- i) Continuación do sistema de seguimento e alerta de radiación ultravioleta-B no rango eritemático.
- j) Sigue vixente o Convenio de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a S.A. Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) para soporte de cálculo intensivo. No ámbito deste convenio, seguirán empregándose os computadores do CESGA para executar os modelos que permiten realizar a predición nun contorno de cálculo vectorial, coa incorporación dun sistema de introdución de datos, obtidos a partir das redes de observación, os equipos propios de meteoroloxía e as condicións de contorno que subministran institucións públicas como o Instituto Nacional de Meteoroloxía (INM), o Centro Europeo de Predición Meteorolóxica (ECMWF) e empresas privadas.
- k) Tamén seguirá vixente o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto denominado “Resposta ante emerxencias de contaminación costeira polo vertido de hidrocarburos, produtos químicos e substancias inertes provocada polo transporte marítimo (EROCIPS)” pertencente ao programa de iniciativa comunitaria INTERREG III B Espazo Atlántico 2000-2006.

- l) O convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Portos do Estado seguirá tamén vixente, co obxectivo de potenciar o servizo de información meteorolóxica mariña mediante modelos de predición de ondaxe.
- m) Continuará a colaboración co Instituto Enerxético de Galicia (Inega) en materia de enerxías renovables, co que se pretende realizar, entre outros obxectivos, a análise dos recursos enerxéticos renovables de Galicia, especialmente de recursos eólicos e mariños.
- n) En canto ás relacións con outras institucións, seguirase colaborando co Instituto Nacional de Meteoroloxía en base ao convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Medio Ambiente en materia de meteoroloxía e clima.
- o) Noutra orde de cousas, potenciaranse a elaboración de estudos sobre as condicións técnicas, científicas, económicas e sociais da realidade futura do medio ambiente, coa finalidade de dispor dunha ferramenta para diminuír a posible incertidume existente e para axudar á toma de decisións na política medio ambiental. Trátase de adiantarse ao futuro, tanto desde a perspectiva das necesidades a cubrir como das oportunidades que se nos ofrecen dentro do ámbito do medio ambiente para poder actuar en consecuencia. En concreto iniciarase, baixo a coordinación de Meteogalicia, o estudo prospectivo de avaliación dos efectos do cambio climático sobre os ecosistemas de Galicia.

C) Investigación ambiental

As accións de investigación ambiental, efectuadas no Centro de investigación de Lourizán (Pontevedra). A tal efecto, desenvolverase un programa de divulgación do Centro de investigación e das actividades e resultados máis relevantes da súa actividade. Ao longo do ano reformularanse os obxectivos do centro mediante a elaboración dun plan estratéxico.

As actuacións en investigación articularanse en torno a catro obxectivos:

- a) Desenvolvemento de investigación no eido da ecoloxía da conservación tanto a nivel de poboación como de ecosistema.
- b) Investigación sobre ciclos bioxeoquímicos en ecosistemas terrestres.
- c) Desenvolvemento de técnicas de xestión sostible dos bosques e espazos naturais.
- d) Estudo do efecto do cambio climático sobre os ecosistemas terrestres e, en particular, da fixación de carbono nas masas forestais.

Para acadar estes obxectivos desenvolveranse proxectos de investigación, tanto exclusivos da nosa comunidade como integrados noutros de carácter nacional ou de ámbito europeo, traballando coordinadamente con outros grupos de investigación dos diferentes ámbitos citados. As fontes de financiamento proveñen do Programa marco europeo de investigación, de fondos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, así como do programa de I+D galego. Ademais, espérase iniciar proxectos de investigación con financiamento de empresas privadas. Os resultados obtidos nos proxectos citados publicaranse en revistas internacionais de impacto, revistas nacionais, actas de congresos e libros, así como a participación en congresos, xornadas científicas e cursos específicos.

Co programa de educación ambiental intensificaranse as visitas de grupos de escolares e adultos ao xardín botánico de Lourizán, a realización de visitas guiadas para profesionais, cursos de micoloxía e a celebración da Semana da ciencia en Galicia. Por outra banda, continuarase cos investimentos nas súas instalacións para a modernización das infraestruturas e dos equipamentos tecnolóxicos de apoio ás actividades de investigación.

3.1.2 Do organismo autónomo

PROGRAMA 342A. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE

1. Descrición.

O programa contén as directrices de protección do medio ambiente, tanto no que se refire ao medio ambiente acuático como ao terrestre, por actuacións derivadas do aproveitamento da auga. Os seus obxectivos fundamentais son protexer e conservar os recursos naturais básicos e a mellora do medio rural e urbano.

2. Actividades.

Entre as actuacións máis destacadas para conseguir os obxectivos propostos merecen destacarse as seguintes accións:

1. Xestionar a execución de actuacións de protección e mellora do medio en zonas do litoral, mediante a construción de colectores e depuradoras no marco de colaboración coas entidades locais.
2. Continuar coa execución das actuacións de saneamento e depuración naquelas aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes, coa fin de alcanzar os obxectivos marcados pola Directiva 91/271/CEE, de tratamento de augas residuais.
3. Seguir coa construción de estacións depuradoras de augas residuais e de redes de colectores xa iniciados e acometer novas actuacións.
4. Transferencias á Confederación Hidrográfica do Norte para o cofinanciamento de obras hidráulicas declaradas de interese xeral.
5. Explotación das estacións depuradoras de augas residuais coa fin de cumprir a lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección de calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais.
6. Continuar coa xestión do dominio público hidráulico.
7. Acometer actuacións de mellora do medio natural e defensa de asolagamentos.

PROGRAMA 412A. XESTIÓN E INFRAESTRUTURA DE RECURSOS HIDRÁULICOS

1. Descrición.

O obxectivo fundamental deste programa é potenciar as infraestruturas básicas que permitan unha maior accesibilidade dos recursos hídricos aos sectores produtivos e ás áreas urbanas e rurais, así como garantir a participación dos usuarios da auga na adopcións das decisións que os afecta.

2. Actividades.

Prevese continuar coas obras xa iniciadas, así como acometer outras novas en materia de abastecemento, coa fin de dotar das infraestruturas necesarias a case todos os núcleos de poboación de menos de 2.000 habitantes da Comunidade Autónoma, de maneira que se satisfaga a demanda de auga dos distintos tipos de usuarios , ademais de alcanzar os niveis de calidade axeitados.

No exercicio 2006 prevense as seguintes actuacións:

1. Execución do plan de abastecemento, o que implica unha nova programación das obras hidráulicas en materia de abastecemento.
2. Realización dos traballos necesarios para dar cumprimento á Directiva 2000/60/CE, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva Marco da Auga).
3. Explotación e mantemento da rede foronómica existente nas cuncas de Galicia-costa.
4. Construción e mellora de estacións de tratamento de auga potable en colaboración cos concellos
5. Dotación de infraestruturas de abastecemento e saneamento a pequenos núcleos de poboación, en colaboración cos concellos.
6. Transferencias ás corporacións locais para a realización de obras hidráulicas.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS					TOTAL
	01	02	03	04	80	
341A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	9.128,1					9.128,1
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	13.494,2	26.400,9	38.950,5	7.108,8	86.122,7	172.077,1
412A XESTIÓN E INFRAESTRUTURA DE RECURSOS HIDRÁULICOS					52.205,8	52.205,8
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA				1.770,1		1.770,1
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				78,0		78,0
TOTAL	22.622,3	26.400,9	38.950,5	8.956,8	138.328,6	235.259,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS							TOTAL
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	
341A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	9.128,1							9.128,1
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	15.169,7	6.325,2		851,9	66.522,6	81.343,6	1.864,0	172.077,1
412A XESTIÓN E INFRAESTRUTURA DE RECURSOS HIDRÁULICOS	4.577,4		92,7		6.050,0	41.485,7		52.205,8
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	1.763,1			7,0				1.770,1
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					78,0			78,0
TOTAL	30.638,3	6.325,2	92,7	858,9	72.650,6	122.829,3	1.864,0	235.259,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2006
Cap. I	Persoal	9.128,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	5.083,2
Cap. IV	Transferencias correntes	500,0
Cap. VI	Investimentos reais	1.800,0
Cap. VII	Transferencias de capital	6.111,0
TOTAL		22.622,3

(Miles de euros)

02	D. X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	2006
Cap. I	Persoal	11.395,8
Cap. IV	Transferencias correntes	171,9
Cap. VI	Investimentos reais	11.736,0
Cap. VII	Transferencias de capital	3.097,2
TOTAL		26.400,9

(Miles de euros)

03	D. X. DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	2006
Cap. I	Persoal	3.148,4
Cap. VI	Investimentos reais	32.273,1
Cap. VII	Transferencias de capital	1.665,0
Cap. VIII	Activos financeiros	1.864,0
TOTAL		38.950,5

(Miles de euros)

04	D. X. DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	2006
Cap. I	Persoal	2.388,6
Cap. IV	Transferencias correntes	187,0
Cap. VI	Investimentos reais	6.201,2
Cap. VII	Transferencias de capital	180,0
TOTAL		8.956,8

(Miles de euros)

80 AUGAS DE GALICIA		2006
Cap. I	Persoal	4.577,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.242,0
Cap. III	Gastos financeiros	92,7
Cap. VI	Investimentos reais	20.640,3
Cap. VII	Transferencias de capital	111.776,1
TOTAL		138.328,6

(Miles de euros)

SERVIZO		2006
01	SECRETARÍA XERAL	22.622,3
02	D. X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	26.400,9
03	D. X. DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	38.950,5
04	D. X. DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	8.956,8
80	AUGAS DE GALICIA	138.328,6
TOTAL		235.259,0

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	26.060,9	4.577,4		30.638,3
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	5.083,2	1.242,0		6.325,2
Cap. III Gastos financeiros		92,7		92,7
Cap. IV Transferencias correntes	4.283,9		3.425,0	858,9
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>35.428,0</i>	<i>5.912,2</i>	<i>3.425,0</i>	<i>37.915,2</i>
Cap. VI Investimentos reais	52.010,3	20.640,3		72.650,6
Cap. VII Transferencias de capital	108.157,0	111.776,1	97.103,8	122.829,3
Cap. VIII Activos financeiros	1.864,0			1.864,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>162.031,3</i>	<i>132.416,4</i>	<i>97.103,8</i>	<i>197.343,9</i>
TOTAL BRUTO	197.459,2	138.328,6	100.528,8	
TOTAL CONSOLIDADO	197.459,2	138.328,6	100.528,8	235.259,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
SOGAMA, S.A.	84.412,0	21.669,0	106.081,0
OBRAS E SERV. HIDRÁULICOS	3.574,0	96.146,0	99.720,0

Medios persoais

Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	9
<i>Persoal funcionario</i>	527
Grupo A	172
Grupo B	11
Grupo C	228
Grupo D	101
Grupo E	15
<i>Persoal laboral</i>	408
Grupo I	23
Grupo II	3
Grupo III	71
Grupo IV	108
Grupo V	203
TOTAL	944

Augas de Galicia

	2006
<i>Altos cargos</i>	1
<i>Persoal funcionario</i>	104
Grupo A	41
Grupo B	22
Grupo C	10
Grupo D	26
Grupo E	5
<i>Persoal laboral</i>	53
Grupo II	2
Grupo III	14
Grupo IV	34
Grupo V	3
TOTAL	158

